PAU **CÓDIGO 80**

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA 2025

ANÁLISE MUSICAL II

O exame consta de **4 preguntas obrigatorias**: a 1 e 2, de 3 puntos; a 3 e 4, de 2 puntos. A primeira, con resposta única aberta; a segunda e a terceira, con posibilidade de elección entre varias respostas correctas; a cuarta, con posibilidade de elección entre termos.

PREGUNTA 1. TÉCNICAS DE ANÁLISE MUSICAL / XÉNEROS MUSICAIS. (3 puntos)

Os responsables da páxina web do Instituto propoñen preparar uns **podcasts** para unha sección de «Divulgación musical». Cada podcast consistirá na audición e comentario dunha obra, incluirá a súa descrición formal e relación co contexto social e estilístico do seu momento. A vostede encárganlle un destes podcasts, para o que deberá **redactar un texto**, cunha extensión máxima de 400 palabras (dúas páxinas), a partir da seguinte audición e fragmento da partitura, de dominio público.

Aria "Ombra mai fu". G.F. Haendel



PREGUNTA 2. TÉCNICAS DE ANÁLISE MUSICAL. (3 puntos)

Ao fío da iniciativa anterior, a profesora de música, aproveitando o traballo feito por vostede e o seu coñecemento da obra, pídelle que, a partir da partitura da que dispón, exemplifique para toda a clase elementos técnicos constitutivos desta. Debe **marcar na partitura, no compás ou sistema que se indica**, redondeando cun círculo, os elementos de que se trate (notas, grupos de notas, frases, etc.) e **identificar eses elementos**, coas iniciais que se indican entre parénteses a continuación:

1. Primeiro sistema (cc. 1-8), un exemplo de nota de paso (Np).
2. Na parte vocal, un exemplo de intervalo melódico de 3ª menor (Tm).
3. Segundo sistema (cc. 9-17), un exemplo de cadencia perfecta V-I (Cp).
4. Primeiro sistema (cc. 1-8), un exemplo de acorde perfecto menor en primeira inversión (Pm6).
5. Un retardo en calquera voz (R).
6. Un exemplo de baixo cifrado (Bc).

PREGUNTA 3. XÉNEROS MUSICAIS. (2 puntos)

A profesora propón un exercicio no que un alumno fai unha **presentación á clase** para describir un xénero musical. Este que segue é o texto da presentación. Subliñe nel **dúas informacións ou datos erróneos** e aclare cal sería a información correcta.

> *Un dos xéneros máis importantes da música romántica foi o* lied *(plural* lieder*), ou canción de concerto, que tamén podía recibir nomes locais como* mélodie *en Francia,* canción *en España ou* ritornello *en Italia. Trátase dunha obra para voz e piano, aínda que ocasionalmente se podían engadir outros instrumentos, e mesmo facer acompañar a voz cunha orquestra completa (o que vén sendo un quinteto de metais). A poesía tivo un lugar moi relevante na inspiración dos compositores e compositoras do romanticismo, o que xunto coa valoración crecente da diversidade lingüística existente en Europa impulsou o desenvolvemento de numerosas "escolas" locais, como por exemplo no caso de Galicia. Unha das estruturas máis habituais nestas composicións, especialmente na primeira metade do s. XIX, era a forma AAB, coñecida precisamente por iso como "forma de* lied*" ou* lied ternario reexpositivo*; se ben os* lieder *podían ter outras formas, máis simples ou máis complicadas, como a forma estrófica, a forma de rondó, etc. Os* lieder *foron unha parte indispensable da cultura musical das clases acomodadas en Europa e por extensión, noutros lugares como as grandes cidades de América; precisamente o seu éxito determinou o fin da ópera como xénero a partir de mediados do s. XIX.*

PREGUNTA 4. TÉCNICAS DE ANÁLISE MUSICAL. (2 puntos)

Escolla dous de entre estes catro termos: 1**. melodía acompañada,** 2. **armadura**, 3. **baixo cifrado**, 4. **tonalidade**. Describa en 2-4 liñas o significado de cada un deles e explique a relación que hai entre os dous termos escollidos.

PAU **CÓDIGO 80**

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA 2025

ANÁLISIS MUSICAL II

El examen consta de **4 preguntas obligatorias**: la 1 y la 2, de 3 puntos; la 3 y la 4, de 2 puntos. La primera, con respuesta única abierta; la segunda y la tercera, con posibilidad de elección entre varias respuestas correctas; la cuarta, con posibilidad de elección entre términos.

PREGUNTA 1. TÉCNICAS DE ANÁLISIS MUSICAL / GÉNEROS MUSICALES. (3 puntos)

Los responsables de la página web del Instituto proponen preparar unos **podcasts** para una sección de «Divulgación musical». Cada podcast consistirá en la audición y el comentario de una obra, e incluirá su descripción formal, y la relación con el contexto social y estilístico de su momento. A usted le encargan uno de estos podcasts, para lo cual deberá **redactar un texto,** con una extensión máxima de 400 palabras (dos páginas), a partir de la siguiente audición y fragmento de la partitura, de dominio público.

Aria "Ombra mai fu" G.F. Haendel



PREGUNTA 2. TÉCNICAS DE ANÁLISIS MUSICAL. (3 puntos)

Al hilo de la iniciativa anterior, la profesora de música, aprovechando el trabajo hecho por usted y su conocimiento de la obra, le pide que, a partir de la partitura de la que dispone, ejemplifique para toda la clase elementos técnicos constitutivos de esta. Debe **marcar en la partitura, en el compás o sistema que se indica**, redondeando con un círculo, los elementos de que se trate (notas, grupos de notas, frases, etc.) e **identificar esos elementos**, con las iniciales que se indican entre paréntesis a continuación:

1. Primer sistema (cc. 1-8), un ejemplo de nota de paso (Np).
2. En la parte vocal, un ejemplo de intervalo melódico de 3ª menor (Tm).
3. Segundo sistema (cc. 9-17), un ejemplo de cadencia perfecta V-I (Cp).
4. Primer sistema (cc. 1-8), un ejemplo de acorde perfecto menor en primera inversión (Pm6).
5. Un retardo en cualquier voz (R).
6. Un ejemplo de bajo cifrado (Bc).

PREGUNTA 3. GÉNEROS MUSICALES. (2 puntos)

La profesora propone un ejercicio en el que un alumno hace una **presentación a la clase** para describir un género musical. Este que sigue es el texto de la presentación. Subraye en él **dos informaciones o datos erróneos** y aclare cuál sería la información correcta.

> *Uno de los géneros más importantes de la música romántica fue el* lied *(plural* lieder*), o canción de concierto, que también podía recibir nombres locales como* mélodie *en Francia,* canción *en España o* ritornello *en Italia. Se trata de una obra para voz y piano, aunque ocasionalmente se podían añadir otros instrumentos, o incluso hacer acompañar la voz con una orquesta completa (o sea: un quinteto de metales). La poesía tuvo un lugar muy relevante en la inspiración de los compositores y compositoras del romanticismo, lo que junto con la valoración creciente de la diversidad lingüística existente en Europa, impulsó el desarrollo de numerosas "escuelas" locales, como por ejemplo en el caso de Galicia. Una de las estructuras más habituales en estas composiciones, especialmente en la primera mitad del s. XIX, era la forma AAB, conocida precisamente por eso como "forma de* lied*" o* lied ternario reexpositivo*; si bien los* lieder *podían tener otras formas, más simples o más complicadas, como la forma estrófica, la forma de rondó, etc. Los* lieder *fueron una parte indispensable de la cultura musical de las clases acomodadas en Europa y por extensión, en otros lugares, como las grandes ciudades de América; precisamente su éxito determinó el fin de la ópera como género a partir de mediados del s. XIX.*

PREGUNTA 4. TÉCNICAS DE ANÁLISIS MUSICAL. (2 puntos)

Escoja dos de entre estos cuatro términos: 1**. melodía acompañada,** 2. **armadura**, 3. **bajo cifrado**, 4. **tonalidad**. Describa en 2-4 líneas el significado de cada uno de ellos y explique la relación que hay entre los dos términos escogidos.